



CONVOCATORIA DE ELECCIÓN REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS

De conformidade co establecido na Resolución conxunta do 25 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 8 de outubro), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son concedidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **sector de pais e nais de alumnos/as**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 pais/nais**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar.
2. Son electores/as todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día 5 de novembro estará exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 h. do día 14 de novembro na secretaría do centro.
3. **Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do colexio. As candidaturas poderán ser presentadas desde o 8 de novembro ata as 14:00 horas. do 15 de novembro de 2021.**
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarse en acto público, entre os pais que non se presenten candidatos, o día 16 de novembro ás 09:15 horas. Dita mesa electoral estará formada polo Director do centro, que actuará como presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá desde o 19 ao 22 de novembro, ambos os días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo e se respecten as normas de prevención sanitarias. O día 22 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola sinatura de dez electores.
7. As votacións realizaranse na entrada do centro o **martes 23 de novembro** por tramos horarios: *de 16:00 a 16:45 h. (E. Infantil), de 16:45 a 17:30 h. (1º e 2º Primaria), 17:30 a 18:15 (3º e 4º Primaria), 18:15 a 19:00 (5º e 6º Primaria)*. A mesa electoral será constituída en acto público ás 15:50 horas.
8. **Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de 2 nomes** dos candidatos/as presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante presentación do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
9. Teñen dereito a votar o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal dos alumnos.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
11. A Xunta Electoral resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

No Mosteiro, a 5 de novembro de 2021

O Director e Presidente da Xunta Electoral

Asdo.: ROBERTO ZAPATA RODRÍGUEZ

